

INTERVENCIÓN XERAL. Informe 23/2018 Expediente cividas 2018027259

OBXECTO DO EXPEDIENTE: Informe de control financeiro permanente da proposta de modificación das ordenanzas reguladoras do servizo de subministro de auga potable, de forma que se incorpore ao ordenamento municipal o seu carácter de prestación patrimonial de carácter público non tributario,

ANTECEDENTES

Incorpórase ao expediente a seguinte documentación:

- Informe proposta do servizo de facenda co informado e conforme de secretaría
- Proxecto do novo articulado da ordenanza reguladora da tarifa de auga.

CONSIDERACIÓNS

Este informe de control financeiro permanente emítese por esixencia dos artigos 3.4, 29 e 32 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local e no artigo 4.1.b) do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local co habilitación de carácter nacional.

1. Verificación dos aspectos procedimentais.

A entrada en vigor da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común engadou, no seu artigo 133, un requisito mais ao réxime de aprobación das ordenanzas municipais, consistente na consulta pública aos cidadáns a través do portal web do Concello e outras medidas participativas. Sen embargo, esta trámite aplícase só para as ordenanzas de novo establecementos, no para as adaptacións como é a que nos ocupa.

Procede agora a aprobación inicial das ordenanzas polo Pleno (art. 22.1.d) Lei 7/1985 de 2 de abril), por maioría simple, a información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións, a aprobación definitiva e a publicación no BOP para a súa entrada en vigor, en aplicación do artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril. É preceptivo o informe da Comisión de prezos da Comunidade Autónoma.

2. Verificación do contido da ordenanza pola tarifa de saneamento.

2.1. En primeiro lugar, enténdese que se está a aprobación dunha ordenanza non fiscal nova, se ben substitutiva da anterior ordenanza fiscal, polo que non debería indicarse en cada artigo: “o artigo queda redactado como sigue”; esta circunstancia deberá expresarse no Memoria da nova Ordenanza, no na proposta; a proposta debería ser formalmente con a dunha ordenanza nova.

Obsérvase que o criterio proposto foi o contrario, o de modificar só os preceptos da ordenanza fiscal para adaptalos ao dunha tarifa. Considérase que é mai correcto aprobar a nova ordenanza reguladora das tarifas comprensiva de tódolos os preceptos que procedan, pois a súa natureza e procedemento dea probación é diferente á ordenanza fiscal.

2.2. Artigo 2 parágrafo segundo : “Non estarán suxeitos á esta prestación as fincas derruídas ou declaradas ruinosas e as non ocupadas.”

Non pode excluirse da obriga de pago as casas non ocupadas, pois non hai probas determinates de si unha casa está ou non ocupada. Sen mebargo, a solución é ben fácil para o propietario que

realmente teña a casa desocupada: só ten que darse de baixa do contrato de subministro de augaa.

2.3. Artigo 8 Tarifas. Se houbera cambios nas tarifas, precisaríase un estudo de custes. Comprobada a tarifa proposta e da ordenanza fiscal. Verifícase que son iguais.

Debe corrírse un aspecto formal, que son os puntos suspensivos do desglose por actividades cando deben ser puntos finais, polo seu diferente significado.

CONCLUSIÓN:

Debe tramitarse como unha ordenanza nova e íntegra, no unha modificación dunha fiscal, xa que esta queda derogada na súa totalidade; non é una técnica normativa correcta a, non a conversión duna ordenanza fiscal por unha xeral e modificando algúns dos preceptos

Debe eliminarse a referencia: “e as non ocupadas” do artigo 2 parágrafo 2.

O proxecto debe vir en documento electrónico, é dicir, asinado con firma electrónica para evitar modificacións.